

Apoxeo e apocalipse

Occidente segundo Niall Ferguson

JOAQUIM VENTURA

A aplicación da corrección política pode supoñer o risco de limitar (ou exceder) tanto a autocrítica como a crítica aos alleos. Máis aínda cando tal práctica se fai de maneira simple e maniquea. É dicir, poñer en evidencia os crimes do verdugo non ten porque facer da vítima o cumio das virtudes. E o historiador Niall Ferguson ten que aturar ese prexuízo. Brillante analista e mellor escritor, Ferguson vén agora de presentar entre nós *Civilización: Occidente e o resto* (Debate). Ante todo, un libro sen concesións, tanto na forma (nada menos que cincocentas páxinas) como no fondo (é un auténtico repaso á historia universal).

Desde a crítica progresista e desde a historiografía das antigas colonias hai unha fonda reserva ás obras de Ferguson, xa que logo desde que hai oito anos publicou *O Imperio Británico*. Aires de nostalgia que tamén parecerían contaminar outras obras como *A casa dos Rothschild* (1998-1999) ou *O ascenso do diñeiro* (2008), unha historia mundial das finanzas ou, dun xeito máis autocrítico *A guerra do mundo (1904-1953)*, aparecido en 2007, verdadeiro envés –no senso cunqueiriano– daquela suposta “idade de ouro” da hexemonía occidental.

Pero os prexuizos son difíciles de esquivar, máis aínda cando, malia o prestixio académico e mediático (Ferguson participou en diversos documentais para televisión), amosou o seu apoio a John McCain e Mitt Romney e foi proposto por David Cameron para redeseñar os programas de historia escolares: hai poucos meses o Nobel de Economía Paul Krugman acusouno de fraude intelectual.

Xa é un lugar común que a Historia é escrita polos vencedores. E no caso de Niall Ferguson cabería dicir que é reescrita polos que perderon a hexemonía. Pero os sucesos históricos non son sempre contos de fadas e os choques entre culturas e civilizacións case sempre remataron cunha solución violenta. E Ferguson, en *Civilización: Occidente e o resto*, propón reflexionar sobre as causas da hexemonía occidental entre os séculos XVI e XX. O historiador escocés analiza o contacto entre os reinos

cristiáns de Europa e as dúas grandes civilizacións existentes ao comezo da Idade Moderna: o Imperio Otomano e mais a China.

Estas dúas civilizacións que daquela hexemonizaban o continente asiático, e o novo mundo aberto coa descuberta de América foron neutralizados e dominados polos países europeos. Estes, en apariencia, eran rivais entre si, pero foi xustamente esa rivalidade, propón Ferguson, a que determinou o desenrolo científico e militar. Iso e mais as reformas relixiosas, que tiveron carácter nacional e promoveron a chamada ética

protestante. Esta última circunstancia resultaría determinante para o éxito da colonización británica de América fronte ao fracaso da que fixo España.

Canto á colonización de África, Ferguson non agacha a diversidade de mecanismos de dominación de británicos, franceses e alemáns, especialmente brutais no caso destes, que levarían a establecer os criterios de superioridade racial e de imperialismo intraeuropeo. Pero xustificar –ou limitar a crítica– dos colonialismos europeos non descarta sinalar o paradoxo entre a vitoria de Fran-

cia e Gran Bretaña –potencias europeas vencedoras en 1945– e a rápida perda dos respectivos imperios en apenas quince anos (o imperio soviético durou vinte anos máis aínda).

Pero tamén sinala o fracaso político do marxismo pola non comprensión de que os traballadores tamén eran consumidores e foi o consumo o verdadeiro motor do sistema capitalista, mesmo con elementos dinamizadores do mesmo, como foi o estándar de patronaxes para uniformes militares en 1939 o que fixo aparecer a confección moderna.



Levi's: o traballo transformado en emblema da modernidade. Á dereita, gravado da batalla de Khartum. Abaixo: o historiador británico Niall Ferguson.



Niall Ferguson basea a súa hipótese da hexemonía occidental e, dentro dela, do bloque xermánico e norteamericano en dous perpiñaos: a reforma relixiosa protestante –que, malia a condición nacional das igrexas resultantes, dotou un código ético a cadansúa burguesía– e o respecto escrupuloso ás leis que protexían a propiedade privada. Fronte a estas dúas condicións, a colonización da América ibérica provocou a aparición de oligarquías que deixaron na miseria á poboación.

De Marx a Levi's

Pero tamén considera que a alternativa ao capitalismo, o socialismo de raiceiras marxistas, fracasou por esquecer a condición de consumidores dos obreiros. Ferguson dá moita importancia ao elemento téxtil como conformador social, xa desde a importación que facían os ingleses de tecidos indios e a posterior exportación de produtos británicos gra-

zas á industrialización metropolitana.

E cando os obreiros do sistema capitalista tiveron acceso a produtos téxtiles diversos e baratos, a uniformidade que impuñan a URSS provocou a envexa colectiva xuvenil: os rapaces rusos tamén querían poder usar pantalóns vaqueiros, connotados de produto imperialista que as autoridades lle outorgaban, esquecendo que a rebeldía nacida do maio do 68 en Berkeley ou en París vestía Levi Strauss, uns pantalóns feitos para o traballo.